

PROGRAMA ARE MORE 2009 (21-28 NOVIEMBRE)

ORGANIZA

Departamento de Cultura do Concello de Vigo

CONCELLEIRO DA ÁREA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL

Xesus López Carreira

XEFE DO DEPARTAMENTO DE CULTURA

Ignacio Oliveira López

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN TÉCNICA

Marta Núñez Aboy

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

Roberto Relova Quinteiro

COLABORAN

Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia

PSA Peugeot Citroën

SÁBADO 21 DE NOVIEMBRE

Are More na rúa: Ensemble Are More 2009

HORA: 12

LUGAR: Centro Comercial A Laxe

Concerto de Inauguración: Jennifer Larmore e Opus Five

A mezzosoprano americana acompañada do quinteto de corda Opus Five interpretará obras de Handel (Hércules i Ariodante), Bizet (Carmen), Rossini (La Cenerentola), Bach (Pasión según San Mateo), famosos duetos de ópera co prestixioso violinista Sebastián Hamann (Lakmé, Hansel & Gretel y Los cuentos de Hoffmann), además de canciones de Strauss.

HORA: 20:45

LUGAR: Igrexa María Auxiliadora.

DURACIÓN: 65 minutos.

Entrada libre mediante invitación. Se poderán recoller na Central de Espectáculos en horario de tarde, un máximo de 4 entradas presentando o DNI.

DOMINGO 22 DE NOVIEMBRE

Carmina Burana. De Carl Orff

Unha impresionante versión dunha das máis grandes obras da historia. Carmina Burana é ofrecida nunha espectacular versión da Orquestra Carlos III y Camerata Lírica. Dirixe o coro o mestre do Teatro Real Joan Cabero.

HORA: 20:30

LUGAR: Teatro-Cine Salesianos

DURACIÓN: 75 minutos

PREZO ENTRADA: Prezo xeral: 10 € / Prezo reducido: 7 € (carné xove, pensionistas, desempregados, alumnado dos conservatorios de música e universitarios da Universidade de Vigo. Deberán acreditálo na entrada ao recinto xunto coa entrada e o DNI)

LUNS 23 E MARTES 24 DE NOVENBRO

Ópera para escolares: A Fruta Máxica de Mozart

A gran ópera mozartiana nunha versión para o público máis novo. Un espectáculo que se basa na historia máis emocionante de todos os tempos, baixo a produción de Camerata Lírica e a dirección de Rodolfo Albero.

HORAS: 10 e 12

LUGAR: Teatro-Cine Salesianos

DURACIÓN: 60 minutos

PREZO ENTRADA: 1 €

Actividade concertada a través dos Centros de ensinanza

LUNS 23 DE NOVENBRO

Are More na rúa: Ensemble Are More 2009

HORA: 12

LUGAR: Centro Comercial Travesía

Le Nuove Musiche: Il Vero Orfeo

Il Vero Orfeo é un programa dedicado a Händel, Corelli e Schenk, cheo de beleza, interpretado por un dos grupos máis aclamados do mundo nas históricas versións de música antiga.

HORA: 20:45

DURACIÓN: 70 minutos


LUGAR: Igrexa María Auxiliadora

Entrada libre até completar aforamento

MARTES 24 E MÉRCORES 25 DE NOVENBRO

Músicas para o Silencio: Cine Mudo con Música en directo no Verbum

Martes 24 , ás 20 horas: Oliver Twist



Director: Franz Lloid

Actores: Jackie Coogan, Lon Chaney

País: USA

Ano: 1922

Duración: 80 min

Música Orixinal: Cuarteto Ancestral
CUARTETO ANCESTRAL
Iago Mouriño: Piano
Felipe Aguell: Clarinete
Alfonso Franco: Violín, Cello
Alfonso Merino: Violín, Percusión

Mércores 25, ás 20 horas: Der Golem (O Golem). Estrea absoluta



Dirección: Paul Wegener y Carl Boese
País: Alemania
Ano: 1920
Duración: 85 min.

Música: YUVAL GOTLIBOVICH ENSEMBLE
Yuval Gotlibovich: Viola
Johnatan Gotlibovich: Cello
Ibrain Zacharias: Percusion
Música orixinal de Yuval Gotlibovich.

HORA: 20 horas
LUGAR: VERBUM
Entrada libre até completar aforamento

MARTES 24 DE NOVIEMBRE

Are More na rúa: Ensemble Are More 2009

HORA: 12
LUGAR: Mercado do Progreso

Homenaxe á xenialidade. De Karlheinz Stockhausen a J.S. Bach **Programa realizado integramente no MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo)**

17 horas: Proxección da película “Motag aus Licht” (Lunes de Luz) de Karlheinz Stockhausen

Lunes de Luz forma parte dun ciclo, cuxas partes integrantes corresponden aos sete días da semana e describen de xeito simbólico a evolución humana. A película observa os traballos de escenificación e describe o contido da ópera, ilustrándoa coas escenas máis importantes.

DURACIÓN: 28 minutos
DIRECTOR ARTÍSTICO E GUIÓN: Thomas Letocha, Henning Lohner

ANO: 1988

Coa colaboración do Goethe-Institut Madrid

17,30 horas: Multiplenseble: Tierkreis

Múltiple é o sinal de identidade deste grupo de artistas que conflúen neste proxecto multidisciplinar. Novas propostas artísticas, formacións instrumentais e interrelacións entre as distintas artes cunha maio proxección no eido da creación actual, desenvolvendo actividades que teñan un compromiso coa actualidade artística do momento. Múltiple... culturalidade, disciplinabilidade, creación, actividade, formación, diversidade, Múltiple...

DIRECCIÓN: Rafael Yebra

VIDEOCREACIÓN: Miguel Seoane

DURACIÓN: 30 minutos

18 horas: Reiko Hozu: Klavierstücke

Klavierstück X

Klavierstück XI

Klavierstück XII

PIANO: Reiko Hozu

DURACIÓN: 60 minutos

22,30 horas: Variacións de Goldberg de J.S. Bach por Kenneth Weiss (clave)

Considerado como o mellor clavecinista do mundo Kenneth Weiss naceu en New Yorke onde se graduou no Instituto das Artes Escénicas. Licenciouse en música no Oberlin Conservatory of Music en Estados Unidos e continuou os seus estudos xunto a Gustav Leonhardt no Sweelinck Conservatorium de Amsterdam. En 1995 a grabación de Kenneth Weiss das Variacións Goldberg para Empreinte Digitale (Harmonia Mundi) foi aclamada pola revista Répertoire. Actualmente é profesor no Conservatorio de París.

DURACIÓN: 80 minutos

HORA: 17/17,30/18 e 22,30 horas

LUGAR: MARCO

Entrada libre até completar aforamento

Jonh Potter e Ariel Abramovich: Dowland e Campion; Music that her echo is

Thomas Campion (1567-1620) e Jonh Dowland (1563-1626) viviron e morreron con poucos anos de diferenza e a súa produción abarca a totalidade do breve fenómeno da “lute song” (canción con acompañamento de laúd) inglesa, desde os primeiros cancións impresos (o First Book de Dowland, de 1597), até a transformación do xénero na canción con baixo contínuo, a principios do século XVII (sendo o de Jonh Attey o último cñacioneiro para laúd, en 1622). Foron os dos compositores de “Lute Songs” máis prolíficos e ambos se valeron dos seus propios textos para crealas (Campion de forma casi exclusiva, sendo a aportación de Dowland algo máis difícil de confirmar). A poesía de Campion é comparable á das grandes figuras literarias da época, como Ben Jonson ou Philip Sidney, aínda que a súa reputación como poeta viuse parcialmente eclipsada pola súa fama como compositor. Os dous músicos se coñeceron (Campion escribiu un epigrama dedicatorio en latín para o Prefacio do primeiro libro de Dowland), e as cancións deste programa se organizan en torno a diversos temas literarios que ambos compositores trataron, aínda que de xeito moi distinto: o amor, a música, o paso do tempo e a expresión da oscuridade e a dor.

HORA: 20,45

LUGAR: Igrexa María Auxiliadora

DURACIÓN: 60 minutos

Entrada libre até completar aforamento

MÉRCORES 25 DE NOVEMBRO

Are More na rúa: Ensemble Are More 2009

HORA: 12

LUGAR: Mercado de Teis

Homenaxe a compositores galegos (vol. 2)

Retrato dun compositor: Fernando Buide del Real

Ensemble S21. Presentado polo crítico de El País, Julián Carrillo

O Festival Are More dedícalle ao novo compositor galego Fernando Buide del Real un lugar de honor pola súa brillante traxectoria como creador. Fernando Buide del Real completou na Universidade Carnegie Mellon de Pittsburgh, onde estudou piano, composición e órgano. Na actualidade completa o seu doutoramento na Universidade de Yale, onde o seu traballo sobre a terceira sinfonía de Robernto Gerhard vén de obter o premio Michael Friedmann á mellor investigación doutoral. Entre os seus mestres de composición destacan Leonardo Balada, Martín Bresnick, Christopher Theofanidis ou Aaron Kernis.

A música de Fernando Buide abrangue desde o xénero camerístico ou sinfónico, incluíndo música coral e para banda.

As súas obras foron programadas por formacións como a Sinfónica de Piitsburgh, Sinfónica de Minnesota, Filarmónica de Yale, Filarmónica Carnegie Mellon, New Music New Haven, Sinfónica de Galicia ou a Real Filharmonía de Galicia. A súa obra tamén inclúe traballos interdisciplinares como o realizado co artista gráfico Ingo Offermans. En Galicia recibiu encargos do Festival Mozart, o Festival Vía Stellae ou o Ensemble [S@X21](#).

Fernando Buide foi profesor de armonía e análise no Conservatorio Superior de Música de Vigo e na Universidade de Yale. Na actualidade prepara a tradución do libro da compositora e teórica Pozzi Escot "A poética das matemáticas simples en música". Como compositor, entre os seus próximos proxectos destacan encargos de Festclásica, co gallo do centenario Isaac Albéniz, así como da Real Filharmonía de Galicia.

HORA: 20,30

LUGAR: Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Entrada libre até completar aforamento

XOVES 26 DE NOVEMBRO

Are More na rúa: Ensemble Are More 2009

HORA: 12

LUGAR: Centro Comercial Camelias

Isasi Quartett, Matthias Weber e Benedikt Koehlen: Franz Schubert: Cuarteto A morte e a doncela e Quinteto A Troita

Dúas grandes obras da historia da música de cámara interpretadas por un dos cuartetos máis importantes e galardonados do mundo. Isasi Quartett foi creado no ano 2003 en Munich por músicos alemánes de reputación internacional, provenientes de formacións prestixiosas como o Cherubini Quartett, Arcana Quartett ou Alt-Wien Quartett. Tiñan o obxectivo común de dotar dunha profunda dimensión espiritual a cada unha das súas interpretacións.

HORA: 20,30

LUGAR: Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo

DURACIÓN: 75 minutos

Entrada libre até completar aforamento

VENRES 27 DE NOVIEMBRO

Are More na rúa: Ensemble Are More 2009

HORA: 12

LUGAR: Centro Comercial Gran Vía

Os Músicos do Tejo: La Spinalba (ovvero il Vecchio Matto), de Francisco Antonio de Almeida (1734) (Estrea en España) (Ópera representada)

Francisco Antonio de Almeida foi un dos primeiros compositores portugueses que escribiu óperas ao estilo italiano. Considerado como un dos autores máis destacados do século XVIII, presentou en Lisboa no ano 1733 a súa ópera *La Pazienza di Socrate*. En 1734, *La Spinalba, ovvero Il Vecchio Matto*.

REPARTO:

Spinalba: Ana Quintans

Arsenio: Luís Rodrigues

Dianora: Paz Martínez Gil

Togno: Joao Fernandes

Vespina: Joana Seara

Leandro: Mario Joao Alves

Elisa: Inês Madeira

Ippolito: Fernando Guimaraes

Músicos do Tejo dirigidos por Luís Otávio Santos

Dirección musical de Marcos Magalhaes

Escena de Luca Aprea

HORA: 20,30

LUGAR: Teatro-Cine Salesianos

DURACIÓN: 140 minutos

PREZO ENTRADA: Prezo xeral: 10 € / Prezo reducido: 7 € (carné xove, pensionistas, desempregados, alumnado dos conservatorios de música e universitarios da Universidade de Vigo. Deberán acreditálos na entrada ao recinto xunto coa entrada e o DNI)

SÁBADO 28 DE NOVIEMBRO

Música para bebés: Ensemble Are More 2009

Dirección musical: Diana Rego

Dirección teatral: Xurxo Cortázar

HORAS: 11, 12 e 13 horas

LUGAR: VERBUM

DURACIÓN: 30 minutos

PREZO ENTRADA: 3 € por neno até 5 anos, con dereito a levar dous acompañantes adultos

Concerto de clausura: Todo sobre Vivaldi: Sara Mingardo e Orquestra Barroca de Venecia

A gran cantante Sara Mingardo, considerada como unha das mellores voces do mundo

acompañada pola aclamada Orquestra Barroca de Venecia, interpretarán nun espectacular concerto o Stabat Mater e Nisi Dominus de Antonio Vivaldi

HORA: 20,45

LUGAR: Igrexa María Auxiliadora

DURACIÓN: 90 Minutos.

Entrada libre mediante invitación. Se poderán recoller na Central de Espectáculos en horario de tarde, un máximo de 4 entradas presentando o DNI.

CURSO DE INICIACIÓN Á MÚSICA PARA PERSOAS MAIORES DE 55 ANOS

Impartido por Beatriz C. Montes

SÁBADO 28 E DOMINGO 29 DE NOVIEMBRE

Destinado a afeccionados á música con ou sen coñecementos musicais

Nº máximo de alumnos: 60

LUGAR: Conservatorio Superior de Música de Vigo

Ao finalizar o curso o sábado 28 de novembro haberá un concerto de piano a cargo da profesora do curso, ás 18 horas.

As inscricións se realizarán a través do servizo 010 por rigurosa orde de chamada a partir do xoves 5 de novembro. Chamando desde móbil ou fóra de Vigo teléfono 986810260. Aqueles que sen ter 55 anos cumpridos estean interesados en inscribirse no curso pasarán a unha lista de reserva que, en caso de non cubrirse todas as prazas ou de que existan baixas serían chamados para poder participar.

PROGRAMA DO CURSO:

SÁBADO 28	DOMINGO 29
A ESCRITURA E A FORMA	O ESTILO
10-11:30: A Notación Musical (I): As Orixes	10-11:30: Historia dos estilos musicais (I): o barroco e o clasicismo
11:45-13:15: A Notación Musical II: A escritura convencional	11:45-13:15: Historia dos estilos musicais (II): do Romanticismo aos nosos días
15:30-17: A forma musical (I): Das orixes á sonata	
17-18:30: A forma musical (II): O concerto e a sinfonía	18:00: Concerto de piano por Beatriz C. Montes

VENDA DE ENTRADAS

As entradas estarán disponibles ao público a partir do 5 de novembro a través da Central de Espectáculos, por internet en www.centralespectaculos.com, na rúa Velázquez Moreno nº26, ou no despacho de billetes do Teatro Salesianos se todavía quedasen entradas, unha hora antes do comezo do espectáculo.

Os concertos de inauguración e clausura precisarán de invitación que se recollerá presencialmente na Central de Espectáculos na rúa Velázquez Moreno nº26 en horario de tarde, e só se entregarán catro por persoa mediante presentación do DNI.

As entradas retiradas con prezo reducido deberán acreditar a condición de beneficiario deste prezo na entrada do espectáculo.

A música para bebés está prevista para nenos/as de 3 meses a 5 anos, recomendándose o acompañamento de dous adultos en cada caso. O prezo da entrada será de 3 €, con dereito a dous acompañantes adultos. O aforo por función estará limitado a 50 nenos/as cos seus acompañantes correspondentes. Só se poderán mercar un máximo de 3 entradas de neno. En este caso non existe entrada con prezo reducido.

As funcións escolares incluídas no ciclo de formación de públicos están destinadas á comunidade educativa da cidade, que deberá inscribirse previamente segundo as indicacións que se lle remitan aos centros destinatarios e terán un prezo de 1 € por alumno/a. O acceso do profesorado acompañante será gratuíto. Estas funcións non están abertas o público xeral.